



ACTA DO CONSELLO DE GOBERNO DO 31 DE XANEIRO DE 2018

Logo de comprobar a existencia de quórum, ás 09:43 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico, don Julio Abalde Alonso, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**

1. Informe do reitor

Dá conta en primeiro lugar do nomeamento de Adina Dumitru como coordinadora do Campus de Sustentabilidade da UDC e de Paolo Rungo como director do Observatorio Ocupacional, en substitución de María Jesús Freire Seoane.

Informou, a seguir, da reestruturación dos servizos informáticos coa actualización das listaxes de correo electrónico da UDC e a expurgación das contas do persoal xubilado. Formula a proposta de que quen se desvincule definitivamente da UDC manteña durante cinco anos o servizo de correo electrónico e que, a partir dese momento, a renovación sexa anual.

Traslada que a próxima semana acudirá á celebración do primeiro centenario da Universidade de Tbilisi (Xeorxia) para recibir o título de Doutor Honoris Causa a carón de representantes doutras universidades de Europa e América.

Seguidamente, cédelle a palabra ao **vice-reitor de Política Científica, Investigación e Transferencia** que informa dos seguintes asuntos:

- **Premios:** trasládalle os parabéns aos investigadores do CICA (María Antonia Señarís, Socorro Castro, Juan Bermúdez e Manuel Sánchez) e aos profesores do CIT de Ferrol (Ramón Artiaga e Jorge López-Beceiro) que co proxecto «O novo frío» gañaron o Premio de Investigación Ernesto Viéitez Cortizo 2017, entregado o pasado 24 de xaneiro na sede da Real Academia Galega de Ciencias. Tamén trasladamos os nosos parabéns aos investigadores Francisco Blanco (director do INIBIC) e á profesora Rosa Meijide (grupo de investigación en Terapia Celular e Medicina Rexenerativa) polo premio de investigación «Fundación Pedro Barrié de la Maza» da Real Academia Galega de Medicina e Cirurxía, outorgado na súa sesión do pasado venres 25 de xaneiro. Este traballo premiado leva por título «O papel do sulfuro de hidróxeno na patoxenia e tratamento da artrose»
- **Convocatoria Interna sobre Redes e Xestores do MINECO.** Como xa informara no pasado Consello de Goberno, foille concedida á UDC unha axuda de 193 000 € nesta convocatoria solicitada desde a OTRI. Para a repartición desta axuda, que está destinada a aumentar a presenza en

proxectos de investigación europeos e doutras redes internacionais, esta vicerreitoría fixo unha convocatoria interna que foi enviada a semana pasada ás listas de PDI para intentar que se poidan acoller todos aqueles investigadores que o desexen. Este programa abrangue diversas liñas de acción para a dinamización da participación da UDC en proxectos europeos, que deben ser desenvolvidas até o 31 de decembro de 2018, e que están artelladas arredor de tres obxectivos específicos:

- I. Fomentar e apoiar o acceso ao financiamento internacional
- II. Aumentar a concorrancia en convocatorias competitivas internacionais
- III. Mellorar a formación de novos investigadores

- **Proxectos:** na última convocatoria foron concedidos os proxectos que seguen. Na modalidade de Excelencia (MINECO) foron 9 os concedidos. En Retos da sociedade (MINECO) foron 16 os concedidos.

Solicitudes: 21 solicitudes de Ramón y Cajal (é un número nunca alcanzado, o que contribuíu sen dúbida á convocatoria Intalent, xa que, destas solicitudes, dez foron de investigadores que nos coñeceron por esta convocatoria). 9 solicitudes de Juan de la Cierva en Formación e 8 solicitudes JyC Incorporación. Tamén quería avisar da inminente convocatoria das Predoutorais da Xunta (van saír no DOG do 6 de febreiro) e esa mesma semana vaise organizar unha xornada para animar e explicar como realizar a solicitude e consultar dúbidas. O alumnado de doutoramento da nosa universidade xa dispón dun borrador da convocatoria para que poida ir conseguindo a documentación e preparando a memoria. Tamén se presentaron 6 solicitudes de Persoal Técnico de Apoio (PTA).

- **Novas cátedras Universidade-Empresa:** foron asinadas dúas novas cátedras, unha coa empresa EVERIS e outra coa empresa TELECON (Cátedra Handytronic- Grupo Telecon). As dúas están adscritas á Facultade de Informática e como obxectivos está a colaboración na docencia e investigación, a transferencia de coñecemento e a empregabilidade dos estudantes. Hai que comentar que esta vicerreitoría está a reorganizar unha localización única das cátedras na web.

A continuación, toma a palabra o vicerreitor de **Profesorado e Planificación Docente** Alberto Valderruten Vidal, que informa dos seguintes asuntos:

- O 29/12/2017 resolveuse a desistencia da convocatoria da praza 17/8009 (INT-SUBS P06. Departamento de Dereito Público. Área Dereito do Traballo e da Seguridade Social) ao desaparecer as necesidades docentes que deron lugar a súa convocatoria.
- O 10/01/2018 recibíuse da ANECA-CNEAI a comunicación de resolucións por recurso de varios tramos de investigación correspondente á convocatoria do

ano 2016, avaliación de profesorado contratado e varias renuncias ou desistencias de solicitudes. Tamén comunicaron a concesión dun sexenio da convocatoria de 2008 en execución dunha resolución xudicial de reclamación.

- O 15/01/2018 modificouse a convocatoria de avaliación de sexenios do PDI contratado laboral permanente e profesorado do INEF para incluír o profesorado da categoría de contratado doutor interino e profesorado do INEF interino. Esta inclusión realizouse tras a modificación, por parte do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, da convocatoria destinada ao profesorado dos corpos docentes universitarios (BOE 11/01/2018) e segundo a súa nota informativa do 10/01/2018.
- O 18/01/2018 resolveuse a desistencia da convocatoria da praza 17/1013 (INT-SUBS P06. Departamento de Letras. Área Literatura Española) ao desaparecer a causa que motivou a súa convocatoria, baixa por IT dunha profesora da área.
- Os días 15, 16 e 23 de xaneiro de 2018 publicáronse no DOG as convocatorias de complementos autonómicos, o que lle foi comunicado a todo o PDI. O prazo de presentación de solicitudes é de 20 días hábiles.
- O 19/01/2018 publicouse a relación provisional de persoas que solicitaron a convocatoria dunha praza correspondente á execución da OEP complementaria do ano 2017. O prazo de reclamacións finaliza o 26/01/2018 e publicarase na seguinte semana a relación definitiva.
- O 26/01/2018 a COAP autorizou a venia docente dunha profesora da EU de Turismo e de dous profesores da EU de Relacións Laborais. Todas as solicitudes contaban co informe favorable do Departamento de Humanidades no caso da venia da EU de Turismo e do Departamento de Socioloxía e Ciencias da Comunicación nos da EU de Relacións Laborais.
- Na última reunión da Mesa Sindical e da COAP informouse que, para o cálculo da taxa de reposición da oferta de emprego de PDI do ano 2018, se computará un total de 30 vacantes producidas ao longo do ano 2017.

De seguido, toma a palabra a vicerreitora de **Estudantes, Participación e Extensión Universitaria**, Margarita Amor López, que informa dos seguintes asuntos:

- Da publicación da convocatoria de axudas a programas de actividades estudiantís destinadas ás asociacións de estudantes legalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Asociacións de Universidade da Coruña (RAE-UDC). Tamén se publicou a convocatoria de Bolsas Santander Crue-Cepyme



Prácticas en Empresas e da convocatoria de cursos de verán.

- De que na Comisión de Extensión Universitaria do 16 de xaneiro se aprobou unha táboa co número máximo de axudas da Universidade da Coruña para a organización de xornadas divulgativas e ciclos de conferencias por departamento. Este número fundaméntase no número de profesorado permanente por departamentos. A convocatoria saíu publicada o 31 de xaneiro.
- Da publicación da listaxe definitiva de persoas adxudicatarias e a listaxe de agarda das Bolsas de Prácticas Fundación ONCE-CRUE. Publicouse, así mesmo, a listaxe definitiva da Convocatoria de prazas de «correspondentes universitarios» na UDC e das bolsas para estudos de mestrados universitarios oficiais na UDC.
- Informou tamén de que continúan as conferencias no II Ciclo de Conferencias de Ciencia ExPress. Segue a exposición da II Edición Expociencia-UDC de Divulgación Científica 2017 en diferentes centros da UDC, en colaboración coa Deputación da Coruña.
- De que o 18 de xaneiro, na Facultade de Informática, comezou o programa Explorer (antigo Yuzz) con 20 proxectos emprendedores co asesoramento do programa promovido polo Banco Santander a través de Santander Universidades, coordinado polo CISE e coa colaboración da UDC, e financiado pola Xunta de Galicia.
- Finalmente informou de que na Comisión de Extensión Universitaria do 16 de xaneiro se autorizaron os seguintes cursos de Extensión Universitaria:
 - Adestramento funcional e forza de base. Nivel 1. Manuel Pombo. Departamento de Educación Física e Deportiva.
 - Seminario gratuito para a formación específica en exercicio e enfermidade de Párkinson. Departamento de Educación Física e Deportiva.
 - Obradoiro para dinámicas de grupo e creatividade no audiovisual. Facultade de Ciencias da Comunicación.
- Dos cursos de extensión universitaria, pendentes de documentación (que chegou onte):
 - 3ª Xornada máster class de disección anatómica en pé e nocello. Luis López López. Departamento de Ciencias da Saúde.
 - 3º Curso práctico de disección anatómica e práctica cirúrxica en pé e nocello. Luis López López. Departamento de Ciencias da Saúde.

A seguir, toma a palabra a **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación**

Docente, Nancy Vázquez Veiga, para informar dos asuntos seguintes:

- Como vostedes saben, o Consello de Goberno da Universidade da Coruña adoptou, o 20/07/2017, un **acordo para posibilitar a simultaneidade de estudos de mestrado** para que os estudantes do Mestrado Universitario en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos puidesen obter formación en xestión empresarial cursando o Mestrado Universitario de Dirección e Administración de Empresas. A finais do pasado ano, a Secretaría Xeral de Universidades comunicounos que non debiamos aplicar o acordo citado, con base no establecido na súa Instrución do 12/02/2015 sobre a determinación da oferta de prazas nas titulacións oficiais de grao e máster nas universidades do SUG. Non obstante, para respectar os dereitos daqueles estudantes que solicitaron a súa matrícula, considerouse necesario manter cando menos a ordenación e o procedemento aprobado polo Consello de Goberno e reconducir a solicitude de matrícula dos estudantes ao procedemento que establece a Orde do Ministerio de Educación e Ciencia do 28/09/1984, sobre réxime de simultaneidade de estudos universitarios en distintos centros. Por este motivo, o 20/12/2017, o reitor asinou unha resolución reitoral para que, aqueles alumnos do Mestrado Universitario en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos, que obteñan resolución favorable do decano da Facultade de Economía e Empresa para completar os seus estudos co Mestrado Universitario en Dirección e Administración de Empresas, poidan realizar estes estudos de acordo coa programación e co proceso que consta nos anexos da resolución, que recollen o aprobado no devandito Consello de Goberno sobre a simultaneidade de estudos dos dous mestrados.
- O día 9 de xaneiro mantivemos unha reunión co vicerreitor de Investigación e Posgrado da Universidade Autónoma de Chile, o profesor Iván Suazo. Nela interesouse por tres programas de doutoramento e catro mestrados, cuxos coordinadores foron tamén convocados á reunión. O obxectivo da súa visita foi explorar as posibilidades de establecer un convenio entre a UDC e a Universidade Autónoma de Chile para que estudantes da súa universidade poidan cursar os nosos programas de doutoramento. Así mesmo, tamén está interesado en que os mestrados se poidan impartir na súa universidade, que se faría cargo dos honorarios e custos de desprazamento do profesorado da UDC. Tamén se falou da posibilidade de establecer relacións de colaboración con grupos de investigación.
- Onte enviámoslle unha mensaxe ao profesorado que se presentou ao **DOCENTIA** a propósito da resposta que está a dar a ACSUG sobre a data de resolución dos resultados do dito programa. Tal e como se indica na *Guía do solicitante. Criterios e méritos para a valoración previa e asignación dos complementos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora*, publicada pola ACSUG en 2017, un dos méritos que se avalían

é a valoración obtida no Programa DOCENTIA dentro do período 2012-2016 (apartado 9.2). Ante algunhas consultas feitas, por parte do profesorado e pola directora da Unidade Técnica de Calidade, informáronnos de que para acreditar ese mérito só se terán en conta as resolucións de 2016. Esta decisión por parte da ACSUG deixaría fóra a avaliación do Docentia da VI Convocatoria da UDC. Como entendemos que a data de resolución non se debe confundir co período de avaliación, desde esta Vicerreitoría ímoslle mandar un escrito ao director da ACSUG en que lle pedimos unha aclaración ao respecto.

De por parte, o **xerente** informou dos asuntos que a seguir se indican:

- Despois da importante Resolución do 17-07-2017 sobre clasificación económica dos capítulos II, III, IV, V e VI, que supuxo a conclusión do labor do grupo de traballo creado para esta finalidade e levado a cabo desde o mes de febreiro de 2017, e xustamente na súa aplicación, ditouse a Resolución conxunta do 3/01/2018 da Xerencia e da Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade, pola que se establecen as equivalencias de aplicacións orzamentarias ao orzamento de 2018, os novos conceptos económicos e a codificación do financiamento alleo finalista.
- Tamén para procurar unha meirande clarificación e unidade de criterios comunicóuselles ás persoas usuarias de Sorolla, por correo do 26 de xaneiro pasado, a nova ligazón que se vai establecer na páxina web da UDC, no apartado de Xerencia, Vicexerencia de Asuntos Económicos e Análise de Custos, en relación con preguntas e respostas frecuentes sobre as anteditas Instrucións da Xerencia e VEIS do 17/07/2017 e 03/01/2018.
- Resolución reitoral do 3/01/2018: o día 3 de xaneiro de 2018 ditouse a Resolución reitoral de delegación sobre a xestión de créditos e modificacións orzamentarias no exercicio económico de 2018.
- Da reunión coa Xunta de Persoal de Administración e Servizos. Informou de que o pasado día 22 de xaneiro se reiniciaron as reunións coa Xunta de Persoal de Administración e Servizos. As finalidades da dita reunión foron reactivar o xa previsto Grupo de Traballo sobre Conciliación do Persoal e retomar diversas cuestións relativas á OEP do PAS, xa publicada no DOG do 18/10/2017, e aos procesos selectivos e de provisión que se están a desenvolver.

2. Aprobación da acta da sesión de 20 de decembro de 2017

Tras se incorporaren as correccións indicadas por **Nuria Vieira** e **Teresa López**, a acta foi aprobada sen votos en contra.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que nesta ocasión son 11 convenios marco, 16 convenios específicos e 64 convenios para prácticas e que son aprobados sen votos en contra.

4. Convocatoria para a aprobación de MOOCs

A proposta foi presentada pola **vicereitora de Oferta Académica e Innovación Docente**, que informou da incorporación das suxestións dos Grupos de Innovación Docente.

Foi aprobada sen votos en contra segundo figura no anexo IV.

5. Creación de seccións departamentais do departamento de Computación

O **vicereitor de Profesorado e Planificación Docente** presenta a proposta de que sexan aprobadas a Sección Departamental de Linguaxe e Sistemas e a Sección Departamental de Ferrol e rexeita as demais propostas do departamento por dividiren en catro seccións diferentes a área de coñecemento de Ciencias da Computación.

Intervén **Susana Ladra** para dicir que o espírito das seccións departamentais é o de crear grupos que permitan xestionar o departamento de xeito eficaz, e que iso non sería posible cunha única sección de ciencias da computación integrada por 73 docentes.

Responde o **reitor** co argumento de que o problema é que existe unha área moi grande, desmentindo a quen afirmaba que o departamento carecía de coherencia interna. Lembra que a norma non permite dividir áreas e que a única excepción é o criterio xeográfico –por campus–. Daquela hai dúas opcións: ou aprobar esas dúas seccións ou devolver a proposta ao departamento.

O **vicereitor** lembra que xa no Departamento de Letras se fixera algo similar: aprobar algunhas áreas inicialmente e remitir o resto para reconsideración do departamento.

Conclúe o **reitor** indicando que todo o profesorado dunha área ten que estar na mesma sección departamental.

Finalmente, a proposta é aprobada con 23 votos a favor, dous en contra (**Susana Ladra** e **Alfonso Castro**) e unha abstención (**Fernanda Miguélez**).

6. Proposta de convocatoria de prazas de PDI laboral contratado

A proposta, que figura como **anexo V**, foi presentada polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** e aprobada sen votos en contra.

7. Proposta de modificación de dedicación

A proposta presentada polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** figura como **anexo VI** e foi aprobada sen votos en contra.

8. Proposta de comisión de servizos

Presenta a proposta o **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, que sinala que foi informada favorablemente pola COAP e a mesa sindical.

Toma a palabra **Teresa López** afirmando que nunha convocatoria anterior, diante doutra solicitude de comisión de servizos, ela xa se opuxera alegando a falta de motivación suficiente. No caso actual, o profesor concorre voluntariamente noutra universidade a unha praza de igual categoría a que xa ocupa na UDC. Faino de forma voluntaria e ao rematar o cuadrimestre. Desde que o nomeamento foi publicado no BOE (decembro de 2017) houbo tempo abondo para organizar o remate da relación. Iso supón que durante 8 meses imos pagar un salario de catedrático para un docente doutra universidade cando habería fórmulas alternativas menos gravosas para cubrir a docencia. Anuncia o seu voto en contra.

O **vice-reitor** lembra que os docentes da área teñen a docencia cuberta ao 100 %.

Teresa López contesta que na área hai nove docentes, entre eles asociados e contratados interinos de substitución, de modo que habería fórmulas para cubrir a docencia ampliando a súa dedicación.

Concordando con **Teresa López** e recoñecendo ter dúbidas sobre o asunto, o **reitor** lembra que é unha práctica habitual deixar que o profesorado remate o curso na universidade en que o iniciou porque a planificación docente ten carácter anual, por máis que poda haber diferenzas entre cuadrimestres.

Moisés Canle pregunta se realmente foron exploradas todas as posibilidades de cobertura da docencia, mesmo a través de horas extra.

O **reitor** sinala que non se trata só de atender a carga docente da área, senón de dilucidar se un profesor ten dereito a rematar o curso na universidade en que o iniciou.

Moisés Canle anuncia o seu voto negativo.



Xurxo Dopico pregúntase, de ser certo que no segundo cuadrimestre apenas ten 25 horas de docencia, canta docencia tivo este profesor no primeiro.

O **vice-reitor** repite que os docentes da área teñen a súa capacidade docente cuberta ao 100 %, non se trata de que a comisión de servizos se solicite para cubrir docencia pendente. Recoñece que hai outras fórmulas para o facer, mais o asunto é que hai o costume de deixar que os docentes rematen o curso na universidade en que o iniciaron.

Teresa López lembra que a primeira comisión de servizos foi tamén pedida pola Facultade de Dereito. Que esta é a segunda, para o mesmo centro e no mesmo ano académico, o que indicaría que se acode á figura con certa normalidade.

O **reitor** incide na diferenza existente entre ambos os dous casos: un é de entrada –incorporación dun novo docente á UDC– e o outro é de permanencia na UDC dun profesor que xa era desta universidade e que solicita adiar uns meses a súa incorporación á Universidade de Oviedo.

Se foi nomeado en decembro de 2017, quen lle pagou desde entón?, pregunta **Moisés Canle**. O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente responde que a UDC, xa que a toma de posesión é de xaneiro de 2018.

De novo o **reitor** intervén para dicir que a comisión de servizos é unha práctica habitual cando un docente é contratado ou recrutado por outra universidade. Que iso xa ten acontecido na UDC. Cuestión diferente é que desde hai anos non houbese mobilidade na UDC.

Teresa López contesta que non se trata de rutinas. É competencia do Consello de Goberno pronunciarse e reitera que se trata dunha comisión de servizos de entrada.

O **reitor** manifesta o seu desacordo. Non se reclama un profesor que estea noutra universidade, trátase só de lle permitir rematar o curso na UDC.

Moisés Canle di que se ese é o costume, o costume está mal.

O **reitor** lembra que algo similar acontece coas xubilacións do PDI, tamén se lles permite rematar o curso académico.

O **secretario xeral** alude á existencia de precedentes. Anuncia o seu voto favorable sen prexuízo de que se fixe un novo criterio: que no canto de se continuar até o fin do curso, se permita concluír o cuadrimestre.

Con todo, **Xurxo Dopico** advirte que se ten pouca docencia no segundo cuadrimestre é porque xa tería a maioría no primeiro. Anuncia o seu voto a favor, porque lle parece unha proposta lóxica.

Nuria Vieira di que ela sempre considerou que o criterio de curso académico obedece ao dereito que o estudiantado ten de rematar o curso co mesmo profesorado.

Manuel Peralbo sinala que se trata do exercicio dun dereito, que debe ser analizado en abstracto e sen personalizar. Pide que se retire do debate o asunto de se a docencia é no primeiro ou no segundo cuadrimestre xa que, de non ser así, estaría a se cuestionar o traballo do profesorado.

Sometida a votación, a proposta é aprobada con 15 votos a favor, 2 en contra e 11 abstencións, segundo figura no **anexo VII**.

9. Proposta de modificación do procedemento para a elaboración do POD 2017/2018

Na súa presentación da proposta, o **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** explica que o que se persegue é poder incorporar o persoal do *Intalent á* docencia no segundo cuadrimestre, como docentes incorporados ao campus e non a áreas de coñecemento concretas, do mesmo xeito que xa acontece cos “Ramón y Cajal”.

Acrecenta o **vice-reitor de Política Científica, Investigación e Transferencia** que na última reunión da sectorial da CRUE se falou precisamente de outorgar este tratamento –o das Ramón y Cajal e Juan de la Cierva– aos programas específicos de universidades e CC.AA. Indica o reitor que do que se trata é de que estean en igualdade de condicións para os efectos de avaliacións e concursos de prazas.

A proposta, que figura como **anexo VIII**, foi aprobada sen votos en contra.

10. Proposta de autorización de licenzas

Presentada polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** foi aprobada sen votos en contra, segundo figura no **anexo IX**.

11. Presentación de memorias finais de ano sabático

Presentada polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** a proposta que figura como **anexo X** foi aprobada sen votos en contra.



12. Aprobación dos regulamentos de réxime interno dos Departamentos de Física e Ciencias da Terra, Pedagogía e Didáctica, e Psicoloxía

Presentada a proposta polo **secretario xeral**, foron aprobados os regulamentos de réxime interno do Departamento de Física e Ciencias da Terra e do Depto. de Pedagogía e Didáctica xa que o regulamento do Depto. de Psicoloxía foi retirado da orde do día, por pedimento do propio departamento.

Os ditos regulamentos aprobados figuran como **anexos XI.I e XI.II** da presente acta.

13. Quenda aberta de intervencións

Toma a palabra **Anxo Calvo** para comentar un dos puntos do informe da vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente; o relativo á simultaneidade entre o Mestrado de Enxeñaría de Camiños e o MBA da Facultade de Económicas e Empresariais. É un problema formal que obedece a que desde a Secretaría Xeral de Universidades non se entende ben que é unha simultaneidade de estudos. A reticencia pode vir do número de prazas ofertadas –30 iniciais, 40 matrículas finalmente– mais non sería o único caso en que o número de prazas inicialmente ofertado se supera. Alén do máis, iso non é un problema. Conclúe afirmando que, até onde el sabe, o asunto está solucionado.

A profesora **Lorenzo Modia** intervén acerca do programa DOCENTIA como mérito para os complementos de excelencia da ACSUG (que de acordo coa guía só se valora o ano de expedición e non os anos de avaliación) para dicir que iso mesmo acontece coas demais avaliacións (sexenios etc.).

Moisés Canle interésase por dous asuntos: en primeiro lugar, pola iniciativa da Xunta de Galicia de homoxeneización de títulos multiplicados. Pregunta polas razóns desta iniciativa que ten a oposición frontal da rama de ciencias de todo o SUG por ir en contra dos libros brancos e de todo o traballo realizado nos últimos anos. En segundo lugar, logo de expor que a oferta de cursos de posgrao sometida ao Consello de Goberno carecía de descritores que permitisen coñecer se os contidos eran os adecuados para unha institución universitaria como a UDC, solicita máis control sobre este tipo de actividades.

Xosé Portela, tras recoñecer que é necesario introducir cambios no servizo de correo electrónico, propón estender a expurgación ao alumnado. A proposta do PAS, afirma, é que quen non empregue o servizo durante seis meses sexa automaticamente eliminado. Di que deste xeito se aforraría traballo administrativo. A seguir, e xa sobre outro asunto, di que na reunión co xerente, do pasado 22 de xaneiro, se puxo de manifesto o descontento co nomeamento de traballadores que por promoción interna xa teñen recoñecido o acceso ao grupo C1. Parécelle

que hai unha demora excesiva entre o nomeamento definitivo de novembro de 2017 e o envío ao DOG. Finalmente, considera que o tribunal de acceso ao grupo A2 está a traballar con pouca dilixencia, ao lle parecer excesivo o tempo empregado para a resolución do proceso.

Xurxo Dopico, sobre o profesorado do INEF, lembra que de acordo coa DA 16ª da LOU, este persoal pode acceder á categoría de profesores titulares de universidade desde que contén, polo menos, cun sexenio e un quinquenio. O problema reside, indica, co profesorado a tempo parcial que non pode pedir estas avaliacións de docencia en tanto non estean a tempo completo. Propón como alternativa que a UDC certifique estes quinquenios para os efectos administrativos.

Teresa López alude á recente convocatoria da Consellaría de Educación e OU para crear listaxes de substitucións nas escolas de idiomas en que non aparece a titulación de galego e portugués da UDC mais si os seus equivalentes da USC (portugués) e UVigo (tradución e interpretación), no que ao seu ver constitúe unha actitude discriminatoria cara á nosa universidade.

Para responder ás cuestións formuladas, toma a palabra o **reitor**. En primeiro lugar, sobre os títulos propios de posgrao, di que no combate contra as pseudociencias ten que participar toda a universidade. Na memoria do título non aparece nin a técnica nin a empresa a que aludiu o profesor Canle. Lembra que outro título similar promovido polas mesmas persoas non foi autorizado pola UDC.

Sobre o correo electrónico considera mellor a súa proposta inicial que a realizada por **Xosé Portela**.

A seguir, intervén a **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** sobre a simultaneidade entre os mestrados de Enxeñaría de Camiños e Económicas e Empresariais. Di que unha das pégas que puxo a Consellaría é que non caben simultaneidades unidireccionais, isto é, sen reciprocidade. Haberá, di, que os convencer do contrario porque o alumnado de Económicas non pode cursar o mestrado de Enxeñaría. Para este ano achouse unha solución adecuada, mais non sen problemas (por exemplo, para os efectos de bolsas).

Sobre a homoxeneización de titulacións multiplicadas: a folia de ruta da Xunta apunta á existencia de problemas de mobilidade (recoñecemento de créditos). Comezaron suxerindo unha listaxe de avaliadores externos para que a universidade formulase as alegacións que considerase precisas. O que queren facer é unha avaliación desas titulacións e elaborar unha especie de «libro branco» sobre o que deberán traballar os decanos. A UDC cuestiona a escolla de certos avaliadores pola sospeita, fundada, de falta de parcialidade. Por iso este



ano a Xunta fixo unha proposta de avaliadores aberta ás alegacións das universidades, ou sexa, a que se propoñan outros nomes. **Moisés Canle** reitera que a resolución da rama de ciencias do SUG é a de non colaborar cun proceso feito de costas aos centros.

Acerca do DOCENTIA e a ACSUG, a **vice-reitora** indica que non se tratou só dunha pregunta realizada por profesores. Foi un acordo da CGIACA a que di que a resolución non pode ser de data posterior ao 31/12/2016. O secretario xeral intervén para anunciar que a universidade vai dirixir unha carta en que se indicará que se reserva as accións pertinentes para o caso de non se lograr unha solución amigable, animando o PDI a presentar os méritos de DOCENTIA mesmo de data posterior.

Para responder a **Xurxo Dopico**, o **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** refírese á imposibilidade de solicitar quinquenios por parte de quen non estea a tempo completo. Só se poderían certificar servizos prestados. O **director do INEF** conclúe que, daquela, a única solución sería pasar a tempo completo polo tempo mínimo indispensable para solicitar os quinquenios.

Finalmente, o **xerente** responde a **Xosé Portela** para informar de que xa foi enviado ao DOG o nomeamento do corpo administrativo. Sobre a actuación do tribunal afirma que desde a Xerencia sempre se facilitou o seu labor, e que xa está en fase de reclamación a unha listaxe provisional.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o reitor remata a sesión ás 12:04 h, do que eu, como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

O secretario xeral
Carlos Aymerich Cano

O presidente
Julio E. Abalde Alonso